

Desexámosvos...

un bo

libro


e

unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2013

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



2º CICLO PRIMARIA:

PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s ides
escribir ...



...unque hai quen di que xa se ve a luz ao final do túnel, non está moi claro, por iso **recomendamos**: **ORGANÍZATE** tamén para ser pedichón ou pedichona!!!

Fala cos teus e coas túas compas e poñédevos de acordo para pedir títulos distintos. Ah!, e pedide tod@s unha libretiña chula. Así poderedes intercambiar os libros unha vez que os leades, facer dos vosos andeis unha pequena biblioteca con empréstito incluído. E a libretiña? diredes. Pois para anotar a quen prestades os vosos libros e saber a quen reclamarllos no caso de moros@s... Como o ordenata da biblio, vaia, pero en "analóxico"


2º CICLO PRIMARIA

- **Animalario estrefalario-Rafa Vilar-Sermos Galiza (e-pub):** Poesía a esgalla. Cen poemas, cen limericks, cen animais, cen sorrisos. Que máis podes pedir? (un e-reader para lelo, se non o tes!)



- **O raposo e a mestra-M.O'Rivas-Xerais:** O soñador raposo Pindo ten un ollar especial, e devece polas galiñas da mestra Rosa, que fará o posible por impedir que as zampe...ata facerse cun fero can!

- **A Terra queima-L.Carnota/X.Souto-Xerais:** Libro con CD, conto e cantigas, un misterio que escomenza




e n Lardeiros, a aldea de Antón...



- **Inventario ilustrado dos mares-V.Aladjid-Factoría K:** Nada que engadir ao título, un

completo inventario nun fermoso formato.

- **Un cadro de Van Gogh-C.D'Harcourt-Factoría K:** Un pintor emblemático que non



- **Sementes de papel-B.Gil-Baía:** Eyla e Naia viven o bosque de distintas maneiras. Os desexos de Eyla poñerán en perigo a supervivencia do mesmo.



- **As palabras do silencio-A.Gracián-Xerais:** Rememorando a lenda do Home das Vacas e a princesa Tecedora, @s namorad@s chines@s buscan na noite de Qixi as estrelas Altair e Vega. Unha fermosa lenda.

- **Pan de millo-Migallas-Kalandraka:** Avoas, piratas, espantallos, cadeliños, pulgas e ata o pan, teñen a súa canción neste libro con CD para que non teñas desculpa. A préndea s



todas!!!